



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

ORZAMENTO XERAL

CONCELLO DA CORUÑA

EXERCICIO ORZAMENTARIO 2017

Oficina Orzamentaria
DIRECCIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN

CONCELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN



SUMARIO

Instrución da Concellaría de Facenda e Administración, de 13 de xullo de 2016, pola que se establecen os criterios xerais, instrucións e soportes de recollida de información a cumprimentar polos Centros Xestores para a elaboración do Anteproxecto do Orzamento Xeral do Concello da Coruña para o ano 2017

1. Normativa aplicable, Centros Xestores afectados e calendario previsto	1
2. Liñas xerais para a elaboración do Orzamento Xeral de 2017	4
2.1 Escenario previsto. Principais Indicadores Macroeconómicos	4
2.2 Organización para a elaboración do Orzamento	7
2.3 Obxectivos e criterios de orzamentación	10
2.4 Metodoloxía orzamentaria	15
3. Anexos	29



Instrución de Facenda e Administración, de 13 de xullo de 2016, pola que se establecen os criterios xerais, instrucións e soportes de recollida de información a cumprimentar polos Centros Xestores para a elaboración do Anteproxecto do Orzamento Xeral do Concello da Coruña para o ano 2017

1. NORMATIVA APLICABLE, CENTROS XESTORES AFECTADOS E CALENDARIO PREVISTO.

O proceso de conformación, trámite e aprobación do Orzamento da Corporación para o exercicio 2016 está suxeito ao establecido nas seguintes normas:

1. Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
2. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
3. Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local
4. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
5. Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
6. Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
7. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
8. Lei Orgánica 4/2012, de 28 de setembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
9. Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
10. Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.

11. Lei 5/2014, de 27 de maio, de Medidas Urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

De igual forma, resultan vencellantes para o Concello da Coruña os acordos do Consello de Ministros de 29 de abril de 2016 polos que se aproban a remisión ao Consello de Ministros da Unión Europea e á Comisión Europea, do Programa Nacional de Reformas de España 2016, así como da actualización do Programa de Estabilidade de España 2016-2019.

O Consello de Política Fiscal e Financeira das CC.AA aprobou, o pasado 28 de abril de 2016, modificou os obxectivos de estabilidade orzamentaria proposto polo Goberno para as CC.AA. no exercicio 2016 que queda establecido -0,7% do PIB nacional. Tamén se modifica o obxectivo de déficit. A modificación dos obxectivos de déficit e débeda enmarcase nas medidas que se deben adoptar en relación coas CC.AA. a raíz da Recomendación Autónoma da Comisión Europea do pasado 9 de marzo.

Neste sentido os datos que a continuación se detallan son os actualmente vixentes dado que aínda non foron actualizados, polo que son os mesmos que os contidos na Instrucción de elaboración do Orzamento para 2016.

	2016	2017	2018
Administración Central	-2,2	-1,1	-0,2
Comunidades Autónomas	-0,3	-0,1	0,0
Entidades Locais	0,0	0,0	0,0
Seguridade Social	-0,3	-0,2	-0,1
TOTAL AA.PP	-2,8	-1,4	-0,3

En canto aos obxectivos de débeda (% PIB), fíxanse os seguintes:

	2016	2017	2018
Administración Central e SS	72,6	71,5	69,2
Comunidades Autónomas	22,5	21,8	20,9
Entidades Locais	3,4	3,2	3,1
TOTAL AA.PP	98,5	96,5	93,2



O artigo 168 do R.D.L. 2/2004 establece que o Orzamento Xeral, cos seus anexos e documentación complementaria, ha de ser remitido ao Pleno da Corporación antes do 15 de outubro de cada ano, para a súa aprobación, emenda ou devolución e que o correspondente expediente debe ser previamente informado polo Interventor Xeral Municipal. Por todo iso e, tendo en conta que, de acordo co establecido na Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento, é preciso establecer o seguinte calendario de remisión da información e documentación orzamentaria á Oficina Orzamentaria.

<u>Centro Xestor afectado</u>	<u>Calendario (Data límite de remisión da Información Orzamentaria)</u>	<u>Calendario (Data límite de remisión da Documentación Orzamentaria)</u>
IMCE	15 de agosto	15 de setembro
EMALCSA	15 de agosto	15 de setembro
EMVSA	15 de agosto	15 de setembro
Consortio de Turismo	15 de agosto	15 de setembro
Consortio para la Promoción de la Música	15 de agosto	15 de setembro
Fundación EMALCSA	15 de agosto	15 de setembro
Fundación Luis Seoane	15 de agosto	15 de setembro
Áreas Municipais de Xestión	15 de agosto	

Por Información Orzamentaria enténdese toda a documentación necesaria para a confección do Anteproxecto do Orzamento Municipal.

Por Documentación Orzamentaria enténdese toda aquela documentación orzamentaria da entidade que corresponda, soportada cos preceptivos acordos de aprobación adoptados polos seus órganos competentes. Para ese efecto, o IMCE remitirá o seu orzamento e EMALCSA e EMVSA as súas previsións de gastos e ingresos, aprobados polos seus respectivos órganos de goberno.

O IMCE, EMALCSA, EMVSA, o Consorcio de Turismo, o Consorcio para la Promoción de la Música e a Fundación Luis Seoane presentarán unha Proposta de Programación de Actividades para 2017.

A necesidade de cumprir os prazos previstos no R.D.L. 2/2004 esixe iniciar o proceso de elaboración, así como un estrito cumprimento dos prazos sinalados.

Ao obxecto de ordenar e sistematizar a tarefa apuntada, elaboráronse as necesarias fichas de proposta de gasto, que han de ser cubertas polos diferentes Servizos Municipais e remitidas á Oficina Orzamentaria **antes do 15 de agosto de 2016**.

2. LIÑAS XERAS PARA A ELABORACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2017

2.1. ESCENARIO PREVISTO. PRINCIPAIS INDICADORES. MACROECONÓMICOS

Previsións goberno do Estado (Obxectivo de estabilidade orzamentaria-Teito de Gasto 2016. Último aprobado polo Goberno estatal)

<http://www.senado.es/legis10/publicaciones/pdf/senado/bocg/BOCG T 10 563.PDF>

Previsións Xunta de Galicia (Teito de Gasto 2016 último aprobado polo Goberno autonómico):

http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaBoletinsOficiais/B90500_3.pdf



Regra de gasto público

O 30 de abril de 2012 aprobouse a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, co obxectivo de garantir a sustentabilidade financeira en todas as Administracións Públicas, fortalecer a confianza na estabilidade da economía española e reforzar o compromiso de España coa Unión Europea en materia de Estabilidade Orzamentaria.

Na citada Lei establécense uns **prazos de obrigado cumprimento**, así o artigo 27 obriga a CCAA e Corporacións Locais **a remitir antes do 1 de outubro de cada ano, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus orzamentos**, para dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea e nacional en materia de disciplina orzamentaria.

Doutra banda, o artigo 30 establece que as Corporacións Locais aprobarán un límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. Corresponde ao Ministerio de Economía e Competitividade calcular a taxa de referencia mencionada, de acordo coa metodoloxía utilizada pola Comisión Europea.

Escenario e previsións

Os Orzamentos do 2017 terán en conta un escenario caracterizado polo seguinte

1.- Unha previsión de crecemento a nivel europeo do 1,9% para 2017, español 2,7% e para Galica a última previsión oficial é 2,5%. Este ritmo de crecemento non será suficiente para unha redución significativa dos niveis de desemprego e pobreza, o cal obriga necesariamente a que o Concello da Coruña priorice o gasto social como instrumento equilibrador e corrector das desigualdades socio-económicas, amais de garantir unas prestacións e servizos públicos sociais de calidade.

2.- O mantemento da estabilidade orzamentaria e de déficit público, xunto á persistencia da contención obrigada do gasto público municipal e a continuidade das limitacións legais ao exercizo da autonomía financeira dos Concellos, determina unha limitación ou restricción significativa á actuación municipal con importante afectación á capacidade de gasto. Todo elo agravado cun sistema de financiamento das entidades locais que imposibilita a cobertura suficiente dos recursos que serían necesarios para que desde o concello se poidese atender debidamente as necesidades e demandas do xeral da cidadanía.

3.- O orzamento para 2017 pode verse limitado pola referencia que debe ter á execución do gasto en 2016. Debido a transcendencia que ten a execución do gasto en 2016 aos efectos do límite de gasto non financeiro para 2017, debe procurarse acadar o maior grao de execución posible aínda que o período para a execución do gasto é menor debido a tardía entrada en vigor do orzamento 2016.

As prioridades definidas para o próximo exercicio son:

1.- Garantir a calidade dos servizos existentes, buscando a máxima eficiencia no gasto corrente, asegurando un Orzamento equilibrado económica, social e territorialmente.

2.- Máxima prioridade aos programas de gasto social, e, entre outras medidas, destacando a posta en marcha da Renda Social Municipal.

3.- Mellora na eficacia e funcionamento dos servizos públicos, tanto dos prestados directamente polo concello como daqueles prestados en réxime de xestión indirecta, fiscalizando e inspeccionando as concesións municipais aos efectos de garantir un mellor servizo público e o cumprimento das obrigas contractuais (incluídas as económicas) polas concesionarias.

4.- Reaxuste das Ordenanzas fiscais e mellora da xestión recadatoria.

5.- Investimentos reais axustados ás necesidades e demandas da cidadanía, apostando por unha distribución espacial e territorial equilibrada e compensatoria.

6.- Amais do gasto social os Orzamentos 2017 apostarán por programas activos de fomento do emprego estable e de calidade, de fomento e apoio ao emprendemento, o pequeno comercio, aos mercados municipais, ao turismo e aos sectores estratéxicos da economía da cidade, o cal será



obxecto do Plan Municipal de Emprego e Economía Social e doutros plans e estratexias de actuación municipal.

7.- Garantir a cobertura das obrigacións do Concello respecto dos seus gastos de persoal (incluíndo a previsión de incremento da plantilla de acordo co que permita a Lei Orzamentos Estado 2017 e a previa modificación da RPT), así como o pago da débeda financeira e non financeira (cumprindo as esixencias do PMP).

8.- Os recursos xerais deben cubrir os gastos necesarios para o funcionamento dos servizos xa existentes e cuxo mantemento sexa obrigatorio ou se asuma polo Goberno Municipal. A inclusión de novos proxectos e a ampliación dos programas existentes realizarase só na medida en que fosen considerados prioritarios socialmente por parte do Goberno Municipal.

9.- Aposta por procedementos de contratación que fomenten a libre licitación (preferentemente por concurso), sempre de acordo ca instrucción sobre contratación pública estratéxica do Concello que pretende incluír sempre que sexa posible cláusulas sociais, de empregosocial e de calidade, de igualdade de homes e mulleres, de comercio xusto e ambientais. Limitación á externalización (necesitada sempre da debida xustificación) dos servizos municipais, apostando pola progresiva municipalización dos mesmos (sempre que sexa viable e axustada a dereito).

10.- Estrutura orzamentaria con acollemento das áreas de goberno, incluídas as transversais de Igualdade e Participación.

2.2. ORGANIZACIÓN PARA A ELABORACIÓN DO ORZAMENTO.

A) ALCALDÍA

Correspóndelle a presentación de Orzamento para a súa aprobación plenaria.

B) COMISIÓN DE ORZAMENTOS DE AREA

En cada Área de Goberno nas que se divide a Organización municipal, conformarase unha Comisión de Orzamentos de Área.

As Tenencias de Alcaldía/Concellarías de cada Área de Goberno formarán a documentación de información orzamentaria da súa competencia baixo a dirección do responsable respectivo e coa asistencia do órgano directivo (no seu caso) e/ou Xefaturas de Servizo, o Xestor Orzamentario e os funcionarios designados para o efecto.

Garantirá a participación dos departamentos interesados e terá as seguintes funcións:

- 1.- Reunir a documentación necesaria para a elaboración da información orzamentaria.
- 2.- Determinar os criterios de prioridade do gasto e do investimento.
- 3.- Revisar o cumprimento das políticas orzamentarias fixadas polo Goberno Municipal e coordinar a información orzamentaria da área, evitando duplicidades e ineficiencias.
- 4.- Cumprimentar as memorias, fichas e anexos que correspondan e fixar obxectivos e indicadores.
- 5.- Elaborar o documento-proposta dos orzamentos correspondentes á súa Área, o cal, unha vez suscrito polo/a Tenente de Alcalde/Concelleiro/a será presentado á Comisión Xeral de Orzamento.
- 6.- Emitir informe sobre o grao de cumprimento de:
Servizos obrigatorios establecidos no artigo 25 e seguintes da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.
Servizos obrigatorios establecidos na normativa autonómica de réxime local.
Servizos establecidos en virtude de normativa sectorial establecida polo Estado ou pola Comunidade Autónoma.
- 7.- Emitir informe sobre os aspectos sinalados no artigo 170 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Como novidade, na confección do orzamento de 2017, a cidadanía decidirá en que investir 1.000.000,00€ do orzamento municipal. A data de hoxe o proceso se atopa na fase de apoio as propostas presentadas pola cidadanía. As propostas máis votadas, ata esgotar o orzamento (1.000.000.00€), serán as seleccionadas e incluíranse no Proxecto Inicial do Orzamento Xeral do Concello da Coruña.



E necesario poder cumprir co calendario previsto para que o próximo 1 de xaneiro poida entrar en vigor o orzamento de 2017. Polo que se pide o máximo rigor co calendario previsto.

C) COMISIÓN XERAL DE ORZAMENTO.

Articularase unha Comisión Xeral de Orzamento. Estará integrada por:

- O Alcalde
- A Concelleira de Facenda e administración.
- O Director de Economía, Facenda e Administración
- A Xefatura de Servizo de Orzamentos e estudos económicos

Na mesma poderá integraranse:

- A Concelleira responsable da área de Participación e Innovación Democrática
- A Concelleira responsable da área de Igualdade e Diversidade

Poderanse integrar na mesma o Interventor Xeral, os órganos directivos e/ou xefes de servizo, así como outros funcionarios designados polo Alcalde.

Cando así se decida, poderá funcionar como Comisión Mixta coas Comisións de Área de Goberno, para tratar os asuntos que lles afecten.

As súas funcións serán:

1. Elaborar os anteproxectos de Estados de Gastos e Ingresos do Orzamento.
2. Solicitar e comprobar a documentación xustificativa e os anexos ao Orzamento.
3. Coordinar as propostas das diferentes Áreas e procurar o cumprimento dos obxectivos e políticas de gasto e ingreso marcadas.
4. Preparar a documentación necesaria para a formación do Orzamento.
5. Tramitación á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación.

De igual forma, poñerase en funcionamento unha Subcomisión orzamentaria de Persoal, ao obxecto de analizar a información orzamentaria correspondente ás dotacións económicas do Capítulo I de gastos.

Dicha Subcomisión será formada por:

- A Concelleira responsable da área de Facenda e Administración
- A Xefatura de Servizo de Persoal

Podendo integrarse na mesma outros responsables políticos e/ou técnicos que sexan designados ao obxecto pola Presidencia da Subcomisión.

D) INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL

Emitirá o informe ao que se refire o artigo 168.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Así mesmo, emitirá informe sobre a Estabilidade Orzamentaria.

2.3. OBXECTIVOS E CRITERIOS DE ORZAMENTACIÓN

As distintas Áreas municipais definirán, en liñas xerais, os obxectivos que perseguen coas súas políticas de gasto, de conformidade e con axuste aos obxectivos orzamentarios definidos anteriormente.

Como premisa que debe rexer a confección do anteproxecto de orzamento figura a posta en marcha de estritas medidas de aforro no gasto corrente, medidas que se estiman necesarias no contexto económico no que nos atopamos. O anteproxecto do estado de ingresos reflectirá as posibles incidencias da crise económica nas súas previsións iniciais.

Solicítase das Concellerías, Xefaturas de Área e Xestores orzamentarios a realización dunha **análise do gasto corrente**, que permita determinar posibles economías mediante a implementación de medidas de simplificación ou centralización de contratacións, de forma que se poidan obter prezos unitarios máis baratos.



- Contención e control sobre o Orzamento de gastos, evitando a continuidade e recurrencia do gasto, sempre que sexa posible. O obxectivo central será buscar a eficiencia do crédito orzamentario, ao obxecto de lograr a presentación dun documento saneado e equilibrado.
- Asegurar a calidade e a mellora continua dos Servizos Municipais, compatible coa súa viabilidade económica.
- Axustar as cargas tributarias, garantindo unha distribución xusta e a suficiencia dos recursos que o Concello precisa para cumprir os seus obxectivos.
- Priorizar a dotación de infraestruturas, especialmente as dirixidas á protección social, o medio ambiente e o desenvolvemento económico da cidade, calculando en todo momento o gasto corrente que xera un investimento en infraestruturas. Conformando, desta forma, un escenario plurianual de investimento e gasto.
- Continuar o proceso de modernización da Administración, incrementar as súas taxas de rendemento e niveis de calidade, racionalizar os procedementos administrativos e mellorar a información e atención ao cidadán de forma integral.
- Potenciar a programación a medio prazo como elemento de referencia fundamental para a elaboración do Orzamento. Esta programación responderá a unha visión plurianual e permitirá alcanzar os obxectivos sinalados nun prazo razoable e equilibrado coas posibilidades de gasto de cada exercicio.
- Mellorar as técnicas de orzamentación e xestión, así como de recadación tributaria. Racionalización do gasto público co criterio de maior atención ao gasto e investimento social, debendo dirixirse prioritariamente aos obxectivos orzamentarios xa precisados.

Estas políticas concretaranse para os xestores e para cada tipo de gasto, nos seguintes **CRITERIOS DE ORZAMENTACIÓN**:

I. En canto aos ingresos

- Manter unha política realista de ingresos públicos, de forma que se asegure o mantemento e a calidade dos servizos públicos.
- Propoñer medidas tendentes a diminuír o esforzo fiscal. Reaxustar as ordenanzas fiscais, con modificación das tarifas fiscais de determinados tributos e correxindo o réxime de bonificacións potestativas en beneficio das persoas e familias mais necesitadas.
- Os diferentes Servizos Municipais incorporarán, na Información Orzamentaria, informes e documentos acreditativos relativos a compromisos de ingreso que estean documentados e formalizados mediante Convenios, acordos, subvencións, etc.

II. En canto aos gastos

En todo caso, na elaboración do orzamento considerarase o actual escenario económico e orzamentario e o límite que establece o teito de gasto esixido pola Lei Orgánica 2/2012, límite que se aprobará polo Pleno da Corporación con anterioridade á aprobación do orzamento de 2017.

a) Gastos de Persoal.

Para 2017 a taxa de reposición de efectivos terá como límite máximo o sinalado na Lei de Orzamentos Xerais do Estado do 2017.

As fichas nas que se soliciten variacións de cadro de persoal baseadas no principio anterior, debidamente informadas e xustificadas, serán remitidas á Xefatura de Servizo de Persoal. Remitirase unha copia das mesmas á Oficina Orzamentaria co resto das fichas de orzamento.

b) Gastos en bens e servizos correntes.

- Como norma xeral, os gastos en subministracións correntes, material de oficina, e demais bens consumibles, así como os destinados a mobiliario, equipo de oficina, maquinaria, ferramentas, etc., nos servizos consolidados deberán ser minorados sen menoscabo da correcta prestación dos servizos.
- Especificamente, deben reducirse gastos non asociados directamente á prestación ou calidade de servizos, por exemplo os de publicidade.



Nos restantes bens e servizos, o crecemento máximo das contías será o mínimo en función da previsión de incremento de custos. Nos contratos, orzamentarase de acordo coa cláusula de revisión establecida no correspondente contrato administrativo, sinalando na ficha orzamentaria a data desde a que será aplicable tal revisión. A estes efectos, considerarase a evolución do IPC que, reflicte un valor maio 2015 - maio 2016 de -1,00%. **Terase en conta este IPC para a actualización do prezo dos contratos no caso no que sexa posible.**

- Os intereses da débeda serán os que resulten do anexo correspondente, elaborado pola Tesourería Municipal, no que se consignarán os créditos suficientes para facer fronte ás obrigacións do Concello no escenario previsto de tipos de interese que afectan os préstamos e créditos concertados a interese variable.
- Priorizarase o gasto administrativo cara a aqueles puntos que sexan máis sensibles respecto da mellora dos servizos dirixidos ao cidadán.
- Xeración de aforro mediante a utilización racional do **patrimonio municipal**: supresión de alugueres innecesarios, actualización de canons e rendas, recuperación de inmobles cedidos a terceiros que non estean xustificadas polo seu interese social, alleamento ou arrendamento dos inmobles non necesarios para o funcionamento dos servizos.

c) Gastos de transferencias correntes.

- Con o carácter xeral, a concesión de subvencións farase segundo o procedemento ordinario de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na utilización de recursos públicos.
- En todo caso, as transferencias a favor de entidades ou Corporacións de Dereito Público deberán, necesariamente, consignarse no capítulo IV.
- O importe total do capítulo IV, gastos de transferencia correntes (subvencións a terceiros), axustarase ás necesidades reais detectadas por cada servizo, priorizando, en todo caso, aquelas destinadas a fomento, creación e mantemento do emprego, así como as destinadas ás entidades prestadoras de servizos sociais básicos.

- A concesión de subvencións só se acordará naqueles supostos en que sexa a mellor alternativa para realizar os obxectivos marcados evitando a creación de entidades ou organismos que dependan de forma exclusiva das propias axudas municipais. Todo proxecto que se inicie neste sentido deberá incluír tamén un plan de viabilidade financeira cara ao futuro, para que non se apoie exclusivamente nas subvencións do Concello. Respecto dos actuais, deberá propoñerse a diversificación das fontes de financiamento.
- Deberá esixirse pola Comisión de Orzamentos de cada Área ás Entidades cuxo orzamento se financie, en máis do 50%, con achegas do Concello, a presentación dun plan de viabilidade financeira a catro anos con diversificación das súas fontes de financiamento.
- Ao obxecto de incrementar a racionalidade e a eficiencia no uso das subvencións, aumentando a transparencia e facilitando o control, os Centros Xestores que efectúen propostas de gasto no Capítulo IV informarán á Oficina Orzamentaria do grao de cumprimento que dita proposta incorpore respecto do sinalado na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

d) Inversións reais.

- Outorgarase prioridade absoluta aos proxectos de investimento determinados polo Goberno Municipal nos seus Plans de Acción, procurando a coherencia das actuacións, a coordinación dos proxectos dentro de plans estratéxicos xerais ou sectoriais, así como o equilibrio dentro do territorio municipal.
- Todos os investimentos reais deberán expor o gasto corrente que terán que asumir derivado do seu funcionamento, tentando que sexa o menor posible.
- Adoptaranse medidas tendentes a evitar as desviacións respecto do gasto orzamentado, establecendo mecanismos de control e supervisión permanente dos Proxectos de Obras, Programas e servizos.
- Ensaiananse novas formas de organizar a provisión de infraestruturas no marco de estabilidade orzamentaria obrigatoria.



- Os proxectos de obras, establecemento de novos servizos e demais gastos de investimento que o requiran deberán ir acompañados dun anteproxecto que conste, como mínimo, de: memoria, planos e orzamento. Non se incluírá no Orzamento ningún proxecto que non veña acompañado dun informe da área de Urbanismo sobre a dispoñibilidade dos terreos en que se preveña a súa execución e a conformidade das obras co plan vixente.

e) Gastos de transferencias de capital.

- Con carácter xeral, a concesión de subvencións farase segundo o procedemento ordinario de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na utilización de recursos públicos.
- En todo caso, as transferencias a favor de entidades ou Corporacións de Dereito Público deberán, necesariamente, consignarse no capítulo VII.
- Control riguroso da efectiva aplicación dos investimentos de capital amparados en Convenios, así como do clausulado dos mesmos.

2.4. METODOLOXÍA ORZAMENTARIA

1.- A elaboración das propostas axustarase ás liñas enunciadas anteriormente.

A Memoria que ha de acompañar a cada proposta de orzamento ha de ser considerada como un elemento esencial do seu contido, debendo incluír a explicación suficiente e profunda da mesma, sinalando os seus indicadores, criterios de éxito e motivación da elección das liñas que se deriven da orzamentación como as máis adecuadas para a realización dos obxectivos da área.

A Memoria establecerá necesariamente:

- A) Definición de Misión, Funcións e Áreas de Resultado Clave do Centro Xestor.
- B) A delimitación dos obxectivos e metas que se pretenden alcanzar a través da actividade municipal para o desempeño das funcións que ten encomendadas o Concello e, dentro deste, o Servizo de que se trate. Destacarase especialmente a complementariedade das accións que se

pretende desenvolver con outras que estea a levar a cabo o Concello ou outras institucións públicas ou privadas.

C) A definición de indicadores que expresan o rendemento da organización de forma cuantitativa e cualitativa, con referencia á súa evolución reflectida nas Memorias de Xestión.

D) A necesidade de cada novo programa de gasto ou a conveniencia de que substitúa a outros para o mellor cumprimento dos obxectivos.

E) A referencia ao nivel de eficiencia obtido polos programas xa vixentes nos exercicios anteriores e que se pretendan manter.

A Memoria deberá estar datada e asinada polo técnico correspondente e deberá contar coa conformidade do titular da Area de Goberno.

2.- As propostas elaboraranse polos órganos establecidos anteriormente, que deberán centralizar nos seus respectivos niveis todas as que se xeren nos órganos administrativos que delas dependan. Toda proposta final da área deberá ser supervisada e conformada polo/a titular da mesma.

3.- Estrutura do Orzamento:

O 20 de marzo de 2014 entrou en vigor a Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. A Orde citada resulta de aplicación, en canto á súa elaboración, execución e liquidación, aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2015 e seguintes.

A Orde HAP/419/2014 contén:

- Unha reforma da estrutura por programas dos orzamentos das entidades locais nun dobre sentido: definindo os programas de maneira máis axustada ao disposto na Lei reguladora das Bases do Réxime Local e impondo, para todos os municipios, o deber de orzar e contabilizar co grao de desenvolvemento suficiente para que se dispoña información sobre o gasto en cada un dos servizos previstos nos artigos 25 e 26 daquela Lei.

A Orde HAP/419/2014, no seu artigo 4, establece que, con carácter xeral o detalle dos créditos presentarase, como mínimo, no nivel de grupos de programas de gasto. Con todo, este detalle deberase presentar no nivel de



programas de gasto nos casos que se especifican no Anexo I da citada Orde.

Así mesmo, o artigo 4 da Orde establece que a estrutura que se especifica no Anexo I débese considerar pechada e obrigatoria para todas as entidades locais. Con todo, será aberta a partir do nivel de programas e subprogramas, polo que poderán crearse os programas e subprogramas que se consideren necesarios cando non figuren na estrutura que establece a Orde.

- A inclusión, como concepto orzamentario independente, da dotación ao Fondo de Continxencia ao que se refire o artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Para ese efecto, créase, dentro da clasificación económica do estado de gastos, o capítulo 5, denominado “Fondo de Continxencia e Outros Imprevistos”.

Para a clasificación dos gastos e ingresos observarase:

